

ANEXO I

GUIA DE REPRODUCCIÓN HUMANA ASISTIDA(RHA)

A aprobación do Plan Galego de Reprodución Humana Asistida 2024²⁰²⁸ incorpora novas prestacións á carteira de servizos do Servizo Galego de Saúde para as que é preciso establecer os criterios de actuación. A partir do mes de marzo de 2025 entran en vigor dúas novas prestacións cos seguintes criterios:

Incremento da idade feminina para acceso ás técnicas de RHA, que quedan establecidas da maneira seguinte:

- Menos de 38 anos para IAC
- Menos de 40 anos para realizar IAD, PGT e preservación médica de fertilidade.
- *Menos de 41 anos cumpridos (40 anos e 364 días) para realizar FIV e ovodonación, segundo criterios de inclusión nas diferentes técnicas.*

Incremento do límite de número de fillos, ata agora establecido nun primeiro fillo san, ata un segundo fillo san en casos de esterilidade secundaria para a realización de técnicas reprodutivas básicas (IAC/IAD):

- En mulleres/PTCCG de 35 anos ou menos e con HAM >1,1 ng/ml, cun fillo san en común e esterilidade secundaria de 1 ano ou máis, poderanse realizar ata 3 ciclos de IAC.
- En mulleres/PTCCG monoparentais e/ou mulleres con parella feminina, de 38 anos ou menos e con HAM >1,1 ng/ml, con algún fillo san en común, poderanse realizar ata 4 ciclos de IAD. Neste suposto, en parellas nas que ambas teñan capacidade de xestar pódese valorar que a proxenitora sexa a que anteriormente non realizou o tratamento, si cumpre criterios de inclusión.